Puxéronse en marcha diversas e prolíficas iniciativas, unha delas é o Plan Marlimpo, unha iniciativa do Executivo galego ligada ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca que busca, entre outros aspectos, contribuír a reducir a cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras e mellorar a concienciación e colaboración entre os actores marítimo-pesqueiros na loita contra o lixo mariño.

De feito, neste plan enmárcanse os proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no mar financiados pola Consellería do Mar co FEMP. Así o Parlamento recoñece ao Plan Marlimpo e ao o proxecto europeo CleanAtlantic, no que participa Galicia, como exemplos de boas prácticas na loita contra o lixo mariño. Este recoñecemento, é un aliciente máis para seguir traballando e nesa liña imos estar.

En relación ás achegas que forman parte do Plan Marlimpo, a Consellería do Mar destina un orzamento de 980.000 euros á convocatoria deste ano, publicada a comezos de febreiro no Diario

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Oficial de Galicia. Estas subvencións teñen como posibles beneficiarios as confrarías de pescadores e demais entidades asociativas do sector, as organizacións non gobernamentais (ONG) xunto ás entidades do sector ou as ONG da man dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).

Estas axudas, que se convocan por segundo ano, permiten financiar entre 2021 e 2022 accións de recollida no mar de artes de pesca e residuos, a compra e instalación de equipamentos para a recollida e almacenaxe de lixo mariño, a creación de sistemas de recollida de residuos ou a comunicación, información e campañas de sensibilización así como a formación neste eido.

En canto ao proxecto europeo CleanAtlantic, coordinado pola Xunta a través do Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), ten como obxectivo mellorar as capacidades para previr, facer seguimento e reducir o lixo mariño na zona do Atlántico e aumentar a sensibilización entre os actores marítimos a través da cooperación rexional.

Todo este traballo concorda co que busca o Parlamento Europeo e que pasa por apoiar o desenvolvemento da economía circular na pesca e na acuicultura e promover unha recollida eficaz do lixo mariño.

Outros proxectos nos que participou o Executivo galego son ML Style, de valorización de lixos mariños e residuos inorgánicos para a industria téxtil, e Nada pola borda, que se desenvolveu hai dez anos e que contou coa colaboración do sector pesqueiro e portuario para a recollida e caracterización do lixo mariño**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSl1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 11:53:35
**Nº Rexistro: 22788**
Data envio: 27/09/2021 11:53:35.475

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2021 11:53:30**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:58:31
Nº Rexistro: 23065
Data envio: 29/09/2021 13:58:31.728

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16134,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as sobre **"as inspeccións realizadas pola Xunta de Galicia ao Servizo de Axuda no Fogar"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Nos últimos cinco anos, a Inspección de Servizos Sociais de Galicia realizou un total de 450 visitas de inspección aos programas de axuda no fogar privados e autorizados para prestar este servizo no ámbito da comunidade autónoma.

As irregularidades detectadas máis frecuentes son a falta de supervisión no domicilio dos usuarios por parte do persoal técnico de coordinación.

Os servizos de inspección propuxeron a imposición de sancións fundamentalmente por incumprimento na supervisión dos usuarios e nas rateos de persoal. Os expedientes sancionadores incoados no período de referencia por incumprimento da normativa vixentes foron 36.

No ano 2020 por mor da pandemia da covid-19 impuxéronse algunhas sancións pola falta de persoal para prestar o servizo.

O número de empresas sancionadas durante este período foi de 24 e o total das sancións económicas impostas foi ao redor de 285.765 € **."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/09/2021 13:58:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:58:31
Nº Rexistro: 23065
Data envio: 29/09/2021 13:58:31.728

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2021 13:58:27**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16177,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento normativo dos servizos para persoas dependentes con discapacidade"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, supuxo un avance importante ao desenvolver o catálogo da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, en seis carteiras de servizos específicos para persoas con discapacidade: discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, autismo e enfermidade mental. Destacar que na elaboración destas carteiras participaron as distintas federacións de entidades do sector.

Esta norma, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, iniciou un cambio de enfoque na regularización dos servizos ao priorizar o que se fai nos centros sobre as características dos propios centros.

Tal e como se incluíu no Plan de Inspección do ano 2020 dende a Xunta de Galicia iniciouse o procedemento de desenvolvemento da normativa en materia de discapacidade estando actualmente en tramitación. Esta nova normativa paliará o déficit normativo existente en relación aos requisitos materiais e funcionais dos centros de discapacidade.

É de destacar que a tramitación desta nova normativa é un procedemento complexo que require o cumprimento de diversos trámites, así como da emisión de distintos informes preceptivos, sen prexuízo dun trámite necesario de consultas coas entidades do sector aos efectos de que sexa unha norma consensuada.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

No ano 2020 e no contexto da pandemia, a Xunta de Galicia centrou os seus esforzos na saúde e protección da poboación institucionalizada, polo que os procesos de desenvolvemento normativo víronse afectados pola crise sanitaria. Actualmente, ante a evolución da situación epidemiolóxica, dende o goberno autonómico continúase a traballar na elaboración do texto normativo de desenvolvemento da normativa en materia de discapacidade que se entende debe ser unha norma consensuada coas entidades do sector.

Polo exposto, incídese en que a Xunta de Galicia ten en marcha o proceso de elaboración do desenvolvemento do marco normativo referenciado o que subsanará o déficit normativo neste eido, sempre baixo a premisa de que debe ser un proceso participativo e consensuado coas entidades que conforman o tecido da atención á discapacidade.

Así, esta normativa establecerá os requisitos materiais e funcionais dos distintos recursos residenciais e de atención diúrna, diferenciando por cada tipo de discapacidade: discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, autismo e enfermidade mental.

Con este obxectivo trátase de buscar unha atención de calidade e adecuada a cada tipo de discapacidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:58:06
Nº Rexistro: 23062
Data envio: 29/09/2021 13:58:06.385

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2021 13:58:02**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22856
Data envío: 27/09/2021 16:27:38.376
Data 27/09/2021 16:27

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16245** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de dotar ao concello de Vilalba cun centro de día"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Goberno galego planifica a creación de novos centros para maiores en toda Galicia de acordo a un estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta comarcal a esa demanda e que, polo tanto, non se cinga única e exclusivamente aos potenciais usuarios que teña un municipio concreto.

Na zona da Terra Chá, á que pertence o concello de Vilalba, hai na actualidade tres centros en funcionamento pertencentes á rede da Xunta de Galicia. Estes centros, que están pensados como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos, están situados en Abadín, Begonte e Cospeito e todos eles dispoñen de prazas libres.

De todos os xeitos, Vilalba ten a posibilidade de promover e construír un centro de día de titularidade municipal, tal e como fan outros concellos. Neste caso, a Xunta estaría en disposición de colaborar na súa construción, mediante o financiamento da obra con fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resilencia do programa Next Generation, unha vez que sexan confirmados polo Goberno central**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22856
Data envio: 27/09/2021 16:27:38.376

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2021 16:27:34**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:45:58
Nº Rexistro: 22917
Data envío: 28/09/2021 12:45:58.805

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16253** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, e outros/ as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa creación dun centro público de atención residencial en Boiro"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Desde o ano 2009, Galicia incrementou nun 44% a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000.

A Xunta é consciente de que cómpre seguir reforzando esta opción para persoas dependentes, por iso está a traballar coa Fundación Amancio Ortega na apertura de sete novas residencias nas principais cidades galegas que serán 100% financiadas e construídas por dita fundación. Para iso, contará cun investimento de máis de 90 M€, permitirá a creación de 800 novos postos de traballo e creará 900 novas prazas públicas de maiores que pasarán a estar á disposición de todas as galegas e galegos.

Respecto ao volume de prazas en residencias respecto ao total de persoas maiores de 65 anos, historicamente en Galicia houbo menos demanda deste tipo de servizos que noutras zonas de España. As galegas e galegos preferiron e prefiren, maioritariamente, facerse maiores nas súas casas. Por iso Galicia é a segunda comunidade con máis dependentes atendidos a través do Servizo de Axuda no Fogar: 23.485 ao remate de 2020.

O obxectivo da Xunta é que as persoas maiores de Galicia pasen esta etapa das súas vidas coa atención que necesitan e prefiren.

Segundo os datos publicados por IMSERSO correspondentes a xullo de 2021 o número de persoas en situación de dependencia recoñecida atendidas se situou en 63.550 as cales perciben un total de 75.149 prestacións do sistema. En conxunto, o número de persoas con dereito a prestación ascende a 67.691, polo que 4.141 persoas están pendentes de atención.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:45:58
Nº Rexistro: 22917
Data envio: 28/09/2021 12:45:58.805

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

É dicir, desde 2009, Galicia multiplicou por catro o número de dependentes atendidos: de 15.000 a máis de 63.000.

En relación á comarca do Barbanza informar que na actualidade conta cun total de 291 prazas públicas para persoas maiores. Ademais o concello de Ribeira acollerá a primeira residencia posta en marcha baixo os principios do novo modelo residencial: más humanizado, que favoreza a intimidade dos usuarios e cun enfoque máis doméstico respecto á contorna residencial. A posta en marcha desta residencia piloto permitirá a creación dun máximo de 100 prazas a disposición dos nosos maiores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:45:58
Nº Rexistro: 22917
Data envio: 28/09/2021 12:45:58.805

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:45:54

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:57:49
Nº Rexistro: 23060
Data envío: 29/09/2021 13:57:49.697
Data 29/09/2021 13:57

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16436,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as sobre **"as inspeccións realizadas en materia de servizos sociais a centros de maiores e o seu resultado e consecuencias"**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Inspección de Servizos Sociais de Galicia, no período de referencia e de acordo cos respectivos plans anuais de inspección, realizou un total de 790 visitas de inspección aos centros residenciais concertados e/ou concesionados e autorizados para prestar este servizo no ámbito da comunidade autónoma.

Neste período de tempo incoáronse un total de 40 expedientes sancionadores e impuxéronse 25 sancións firmes. Non se iniciou ningún expediente sancionador por infraccións na xestión e aplicación de fondos públicos.

No que respecta á data da acta de inspección é preciso ter en conta que non existe unha única data de acta de inspección xa que no expediente sancionador hai varias actas correspondentes a distintas visitas.

Por outro lado, cando se apreciou que nun centro non se aplicaban as medidas de acordo cos protocolos establecidos, requiriuse a aplicación dos mesmos e no caso de incumprimento iniciouse o correspondente procedemento sancionador. Ademais, en todos os procesos de licitación de prazas, compróbase que as empresas adxudicatarias non incorran en prohibición para contratar de acordo coa lei de contratos do sector público.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:57:49
Nº Rexistro: 23060
Data envio: 29/09/2021 13:57:49.697

Xacobeo 21·22

Realizáronse visitas de inspección en horario nocturno, redactándose as correspondentes actas e, en caso de incumprimentos, requiriuse ao centro a emenda dos mesmos.

A Inspección de Servizos Sociais de Galicia realizou, nos últimos cinco anos, un total de 450 visitas de inspección aos programas de axuda no fogar privados e autorizados para prestar este servizo no ámbito da comunidade autónoma.

Os servizos de inspección propuxeron a imposición de sancións fundamentalmente por incumprimento na supervisión dos usuarios e nas rateos de persoal. Os expedientes sancionadores incoados no período de referencia por incumprimento da normativa vixentes foron 36.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSl1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:57:49
Nº Rexistro: 23060
Data envio: 29/09/2021 13:57:49.697

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2021 13:57:45**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16511,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a reunión que debe manter a Consellería de Política Social coas entidades de iniciativa social que prestan servizos sociais para abordar a problemática derivada dos sobrecustos motivados polas medidas sobrevidas da covid-19"**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está en contacto continuo coas entidades de iniciativa social do sector da discapacidade, mostrando un permanente compromiso coas mesmas para a posta en marcha de diversos programas, o transporte das persoas con discapacidade e o mantemento dos centros e das propias entidades.

Este compromiso do executivo autonómico coas entidades de discapacidade sempre se mantivo firme, incluso nos momentos máis complexos. Así, a Xunta de Galicia incrementou nos seus orzamentos para este ano 2021 un 11% o investimento nesta materia ata chegar aos 126 millóns de euros, o dobre que en 2009, mostra do obxectivo do Goberno galego de garantir a mellora das atencións das persoas con discapacidade e o seu benestar, así como o das súas familias.

Anualmente, a través da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia fináncianse varios convenios nominativos coas diferentes federacións de entidades do sector da discapacidade para colaborar na financiamento dos seus gastos de mantemento e funcionamento e a posta en marcha de diversos programas. Neste eido, os orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2020 e 2021 destinou máis de 8M€ respectivamente para estes convenios, case o dobre que no ano 2019.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estas axudas garanten a continuidade do servizo e as condicións laborais dos traballadores das federacións das entidades de discapacidade. Ademais, tamén se financian as entidades non federadas a través de convenios por un importe de 950.000 euros nesta anualidade cos que o Goberno galego aposta polo mantemento das iniciativas dunha decena de entidades non federadas.

O apoio e compromiso do Goberno galego coas persoas con discapacidade e coas entidades de iniciativa social seguiu presente durante a crise sanitaria ocasionada pola Covid-19. Así, a raíz desta crise sanitaria, a Xunta de Galicia distribuíu, entre outros, a todos os centros do sector da discapacidade material de protección e test de diagnóstico co fin de dar cobertura ás necesidades que foron xurdindo segundo a evolución da situación epidemiolóxica a través do sistema Clonegal. Deste xeito, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social leva investidos durante a pandemia máis de 9 millóns de euros nesta cobertura.

Ademais é de destacar que a administración autonómica na súa aposta continua polas entidades de iniciativa social, durante o ano 2020 indemnizou a estas entidades polo peche temporal dos centros de atención diúrna derivado da referida crise sanitaria. Neste sentido, o investimento nestas indemnizacións por ese peche temporal dos centros foi de máis de 10M€. Isto permitiu a viabilidade económica dos centros e entidades, o mantemento do emprego e a súa reapertura no momento en que as condicións sanitarias o permitiron.

Así mesmo, é de destacar o compromiso da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social a través da distribución de fondos do 0,7 % do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). Neste ámbito, o Goberno galego viña demandando uns novos criterios de distribución destes fondos e esta demanda foi atendida. Así para neste ano 2021 a Xunta de Galicia pon a disposición das entidades sociais 20,7 millóns de euros, fronte aos 17,1 millóns de euros no ano 2020, o que supón un incremento dun 20,9% que se porá a disposición das entidades de iniciativa social de Galicia. Estes novos criterios de distribución destes fondos permitirán que este ano Galicia sexa a segunda comunidade que máis incremento rexistre.

Polo tanto, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social está en permanente contacto coas entidades de iniciativa social, escoitando as súas demandas e traballando pola mellora continúa dos centros e programas que se desenvolven neste eido.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Así mesmo, dende esta Consellería púxose a disposición das entidades a posibilidade de presentar unha manifestación de interese de proxectos autonómicos no ámbito dos servizos sociais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia co fin de que as entidades poidan presentar os seus proxectos, ao tempo que a administración autonómica poida coñecer os seus proxectos, iniciativas e necesidades.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSl1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:45:21
Nº Rexistro: 22913
Data envio: 28/09/2021 12:45:21.930

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:45:16

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:45:11
Nº Rexistro: 22912
Data envio: 28/09/2021 12:45:11.555

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16532** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Álvarez Martínez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Política Social en relación co problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0 a 3 anos no concello de Guitiriz"**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia é coñecedora da situación que ten o concello de Guitiriz no que atinxe á posibilidade de mellorar a oferta de prazas de educación infantil de 0 a 3 anos, toda vez que o actual Punto de Atención á Infancia municipal non é suficiente ante a demanda existente.

De feito, esta cuestión abordouse en diferentes reunións mantidas polo Executivo autonómico coa alcaldesa desta localidade lucense, á quen se lle trasladou a vontade de colaborar na busca de solucións.

Nestes momentos, estase a analizar a proposta do Concello de construír unha nova escola infantil, que sería de titularidade municipal e que substituiría ao servizo que presta o PAI. A Administración autonómica estuda colaborar no financiamento da construción deste centro a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), unha vez que se concrete a nova definición e reparto dos mesmos**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:45:11
Nº Rexistro: 22912
Data envio: 28/09/2021 12:45:11.555

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:45:07**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16608,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as sobre **"as listaxes de agarda para as valoracións de discapacidade en Galicia"**, (publicada no BOPG número 147 do 2 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa para seguir a mellorar os procesos de valoración da discapacidade.

Deste xeito, en xuño de 2018 púxose en marcha un Plan de acción no que se activaron un conxunto de medidas para mellorar a valoración da discapacidade e aumentar os tempos de resposta.

Este Plan de acción supuxo un incremento moi importante de persoal de valoración e de creación de novos equipos de valoración, cun incremento do 75% sobre o número de equipos existentes. Un incremento equivalente volveuse a realizar en abril de 2019. E en marzo de 2020 púxose en marcha un Plan especial de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade, cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, a través do cal se crearon 17 novos equipos de valoración da discapacidade. A súa posta en funcionamento viuse condicionada no seu inicio pola crise ocasionada por COVID-19 e a falta de persoal médico para conformar os equipos, polo que non se puido iniciar a contratación do persoal ata finais de xuño de 2020 e non se completaron todos os equipos ata outubro de 2020.

O resultado das medidas de reforzo de persoal está a ser moi positivo, xa que permiten acelerar o número de expedientes de valoración e aumentar o número de expedientes resoltos.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

Doutra banda, cabe destacar que froito das melloras do procedemento implantadas e o novo modelo de xestión de citas, constátase un incremento na produtividade de valoración dos técnicos fixos de máis do 10% acumulativo.

En canto ao tempo de resolución de expedientes, é moi variable dependendo do tempo que se tarda en completar os expedientes de valoración e en función do criterio de urxencia aplicado, do tipo de valoración, a sección de valoración así como distintas circunstancias do persoal valorador, como enfermidade, días de permisos, vacacións etc.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:57:28
Nº Rexistro: 23058
Data envio: 29/09/2021 13:57:28.744

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2021 13:57:24**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16748** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación laboral, respecto da subrogación, na que se atopan as auxiliares despedidas pola empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar de Ourense"**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o concello de Ourense e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

Ao concello de Ourense correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

A Consellería de Política Social, a través da Inspección de Servizos Sociais, supervisa que o servizo se estea prestando de xeito adecuado, é dicir, a correcta atención ás persoas usuarias.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:44:44
Nº Rexistro: 22909
Data envio: 28/09/2021 12:44:44.633

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:44:44
Nº Rexistro: 22909
Data envio: 28/09/2021 12:44:44.633

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:44:41

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16783,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as actuacións previstas pola Consellería de Política Social para a mellora dos servizos de atención á dependencia"**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Tal e como informou a Conselleira de Política Social no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o pasado día 22 de xuño para dar resposta a unha interpelación formulada polo grupo parlamentario PSdeG-PSOE, o Plan de Choque en dependencia que se implantará en Galicia vai supoñer unha redución no tempo para ver recoñecida un servizo ou unha prestación por dependencia.

Este plan vai permitir:

o Reducir á metade o número de páxinas do formulario da dependencia, para isto, xunto á solicitude tan só será necesario presentar un informe médico e un informe social.

o Reducir á metade os tempos de espera;

o Fusionar as solicitudes de grao e PIA para que o cidadán teña que facer só un trámite desde o inicio do proceso ata que obtén a súa axuda.

o Revisar o concepto de PIA xa que máis do 40% dos PIA que se tramitan a día de hoxe non son novas solicitudes, senón revisións das que xa existen. Para conseguilo os PIA terán que levara aparellada, automaticamente, unha prestación económica pública, e comezarán a incluír opcións alternativas ao servizo preferido pola persoa dependente para mentres non hai praza no servizo ideal.

Este Plan de choque en dependencia tamén inclúe medidas para axilizar e facilitar o traballo dos profesionais públicos que valoran a dependencia, mediante:

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

o A creación de novos centros de valoración;

o Equipos de valoradores itinerantes, como os postos en marcha na provincia de Ourense onde se pasou de 1.000 valoracións a máis de 1.800 entre xaneiro e maio, o que representa un incremento do 68%.

o A optimización das rutas que seguen os valoradores a domicilio;

o A mellora do modelo de xestión de citas;

o E, por suposto, a posta en marcha de novos equipos de valoración.

Tamén se van crear novas "vías preferentes" para que as persoas que padezan certas doenzas accedan á dependencia. É o mesmo sistema que xa permitiu que as solicitudes das persoas con ELA se tramiten en menos dun mes.

Ademais este Plan tamén inclúe outras novidades como facilidades para xustificar os pagos dos bonos de residencia, centro de día, axuda no fogar ou asistente persoal; reducir o papelame para percibir a axuda por coidador na contorna familiar; e universalizar o uso da Historia Social Única Electrónica para a comunicación entre os servizos sociais autonómicos, os municipais e os servizos sanitarios.

Por último, vaise realizar unha campaña didáctica sobre o proceso de solicitude da dependencia.

En definitiva, con este Plan conseguirase unha axilización e simplificación do sistema máis importante nos últimos quince anos.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:44:25
Nº Rexistro: 22907
Data envio: 28/09/2021 12:44:25.758

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:44:22**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16843** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Política Social en relación cos centros para mozos e mozas con discapacidade que rematan a escolarización e os servizos de terapia ocupacional"**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Dende o ano 2009 incrementáronse en case 1.000 o número de prazas en centros de discapacidade ata chegar ás máis de 5.300 que existen na actualidade na nosa comunidade.

Ano a ano fóronse incrementando as prazas de atención especializada a persoas con discapacidade, tanto de atención residencial como de atención diúrna (centros de día e centros ocupacionais). E este ano está xa previsto a ampliación das mesmas.

É importante destacar que actualmente está en fase de construción o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense que suporá 110 novas prazas de atención especializada a persoas con discapacidade (80 de atención residencial e 30 de atención diúrna).

Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial e atención diúrna das persoas con discapacidade.

Por outro lado, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, desenvolve o catálogo establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia a través de distintas carteiras de servizos para persoas con discapacidade, entre os que se atopan os dispensados en recursos especializados como as residencias (de gravemente afectados e adultos), os centros de día e ocupacionais e as vivendas tuteladas.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

De acordo co seu artigo 5.3 : 'Forman parte da carteira de servizos específicos todos aqueles dirixidos a persoas dependentes que, tendo idade igual ou superior a 16 anos, teñan diagnosticada algunha das seguintes limitacións: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista ou enfermidade mental'.

Mediante a Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modificouse o devandito Decreto 15/2010 para dar continuidade asistencial ás persoas procedentes do sistema educativo. En concreto, o artigo 24.2 modificou o artigo 45.1 do Decreto 15/2010 que quedou redactado do seguinte xeito:

'A asignación de prazas vacantes a persoas incluídas no programa de asignación de recursos en centros do sistema galego de servizos sociais será efectuada polo órgano superior competente en materia de dependencia, que aprobará o correspondente ingreso. Tal asignación deberá efectuarse a favor da persoa que estea mellor situada dentro do programa de asignación de recursos, con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate.

Non obstante o anterior, darase preferencia na asignación de recursos con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate, agás nas situacións de emerxencia social reguladas no artigo 16, ao suposto de persoas cuxa atención se viñese realizando con recursos do sistema educativo e que, por razón de idade, non poidan permanecer no devandito sistema, sendo necesaria unha continuidade na súa atención a través de recursos do sistema de servizos sociais. A orde de prelación destas persoas entre si virá determinada pola aplicación dos criterios xerais previstos no artigo anterior'**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:44:17
Nº Rexistro: 22906
Data envío: 28/09/2021 12:44:17.430

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:44:12**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16844** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Política Social ante a falla de prazas en centros de día e residencias para mozos e mozas con discapacidade unha vez que rematan a súa escolarización"**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Dende o ano 2009 incrementáronse en case 1.000 o número de prazas en centros de discapacidade ata chegar ás máis de 5.300 que existen na actualidade na nosa comunidade.

Ano a ano fóronse incrementando as prazas de atención especializada a persoas con discapacidade, tanto de atención residencial como de atención diúrna (centros de día e centros ocupacionais). E este ano está xa previsto a ampliación das mesmas.

É importante destacar que actualmente está en fase de construción o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense que suporá 110 novas prazas de atención especializada a persoas con discapacidade (80 de atención residencial e 30 de atención diúrna).

Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial e atención diúrna das persoas con discapacidade.

Por outro lado, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, desenvolve o catálogo establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia a través de distintas carteiras de servizos para persoas con discapacidade, entre os que se atopan os dispensados en recursos especializados como as residencias (de gravemente afectados e adultos), os centros de día e ocupacionais e as vivendas tuteladas.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:44:07
Nº Rexistro: 22905
Data envío: 28/09/2021 12:44:07.836

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

De acordo co seu artigo 5.3 : 'Forman parte da carteira de servizos específicos todos aqueles dirixidos a persoas dependentes que, tendo idade igual ou superior a 16 anos, teñan diagnosticada algunha das seguintes limitacións: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista ou enfermidade mental'.

Mediante a Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modificouse o devandito Decreto 15/2010 para dar continuidade asistencial ás persoas procedentes do sistema educativo. En concreto, o artigo 24.2 modificou o artigo 45.1 do Decreto 15/2010 que quedou redactado do seguinte xeito:

'A asignación de prazas vacantes a persoas incluídas no programa de asignación de recursos en centros do sistema galego de servizos sociais será efectuada polo órgano superior competente en materia de dependencia, que aprobará o correspondente ingreso. Tal asignación deberá efectuarse a favor da persoa que estea mellor situada dentro do programa de asignación de recursos, con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate.

Non obstante o anterior, darase preferencia na asignación de recursos con respecto ao tipo de recurso e vacante de que se trate, agás nas situacións de emerxencia social reguladas no artigo 16, ao suposto de persoas cuxa atención se viñese realizando con recursos do sistema educativo e que, por razón de idade, non poidan permanecer no devandito sistema, sendo necesaria unha continuidade na súa atención a través de recursos do sistema de servizos sociais. A orde de prelación destas persoas entre si virá determinada pola aplicación dos criterios xerais previstos no artigo anterior'**.**"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSl1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:44:07
Nº Rexistro: 22905
Data envio: 28/09/2021 12:44:07.836

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:44:01

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16878,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños,e outros/as deputados/as sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da situación de incumprimento do prego de condicións do Servizo de Axuda no Fogar na cidade de Ourense"**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o concello de Ourense e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

Ao concello de Ourense correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

A Consellería de Política Social, a través da Inspección de Servizos Sociais, supervisa que o servizo se estea prestando de xeito adecuado, é dicir, a correcta atención ás persoas usuarias.

CSV: BOPGDSPGjbSl1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:57:11
Nº Rexistro: 23056
Data envio: 29/09/2021 13:57:11.213

Xacobeo 21·22

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2021 13:57:11
Nº Rexistro: 23056
Data envio: 29/09/2021 13:57:11.213

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2021 13:57:07**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17189,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández,e outros/as deputados/as sobre **"a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia"**, (publicada no BOPG número 155 do 16 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Programa de Asignación de Recursos (PAR) en Galicia está formado, principalmente, polas persoas en situación de dependencia recoñecida que non perciben outra prestación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

O acceso ao recurso recoñecido se realiza por orde de prelación establecido normativamente no que prima o maior grao de dependencia recoñecido, a menor capacidade económica, a situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia, a non percepción doutras prestacións, a data da solicitude e idade da persoa solicitante.

O principal recurso polo que as persoas se atopan á espera é o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), servizo de titularidade municipal no que a prestación efectiva correspóndelle ao concello titular do mesmo, e a Xunta de Galicia contribúe ao seu financiamento mediante o pago das horas efectivas de prestación do servizo.

Respecto da atención en centros residenciais, o número de persoas á espera da asignación de praza pública é moito mais reducido e, en moitos casos, as persoas permanecen no PAR máis tempo porque as persoas renuncian á praza asignada inicialmente e prefiren esperar a dispoñer dunha da súa preferencia nun centro concreto e específico**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 10:22:12
Nº Rexistro: 23082
Data envio: 30/09/2021 10:22:12.954

Asinado dixitalmente por:

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/09/2021 10:22:09**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Xacobeo 21·22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17292,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández,e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa"**, (publicada no BOPG número 155 do 16 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

• Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.

• Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.

• Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia está integrada por sete centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na actualidade a Xunta de Galicia está a analizar a mellora dos PEF xa existentes e o incremento do número dos mesmos na nosa Comunidade coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo isto, estase realizando un estudo detallado nesta materia para tomar a decisión máis eficiente e favorable aos usuarios.

Neste sentido, xa está en marcha a ampliación da Rede de Puntos de Encontro Familiar coa posta en marcha do oitavo PEF de Galicia, que estará ubicado no concello coruñés de Ribeira e que empezará a funcionar neste ano 2021.

Dende os PEF, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. As derivacións a estes centros procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio PEF, distinto ao que recibe o resto de casos.

De feito, todos os PEF de Galicia contan cun protocolo de actuación para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto. Desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado cos sete centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 10:21:55
Nº Rexistro: 23080
Data envio: 30/09/2021 10:21:55.641

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/09/2021 10:21:51**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:43:34
Nº Rexistro: 22902
Data envio: 28/09/2021 12:43:34.836
Data 28/09/2021 12:43

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17373,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e nomeadamente da escola infantil As Galeras, de Oleiros"**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021 teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**En relación á situación dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, indicar que o Goberno galego está a cumprir o acordo asinado en marzo de 2017 cos sindicados CC.OO, UGT e CIG para a integración do persoal deste ente autonómico no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

A través deste acordo, que ademais foi ratificado por unanimidade polos catro comités provincias de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público, con medidas como a equiparación tanto do salario como da xornada laboral e do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta de Galicia ou o pago de trienios; entre outras cuestións que se recollen no texto.

Este acordo tamén prevé que as prazas do persoal do Consorcio ocupadas interinamente por persoal temporal ou indefinido non fixo serán incluídas na Oferta de Emprego Público (OPE) da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Xunta de Galicia respecta as sentenzas xudiciais e a presentación ou non de recurso dependerá da análise e valoración técnica dos servizos da Asesoría Xurídica Xeral.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2021 12:43:34
Nº Rexistro: 22902
Data envio: 28/09/2021 12:43:34.836

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2021 12:43:25**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17725**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a execución orzamentaria na partida 513A - Construción, conservación e explotación portuaria"**, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

**"**Desde 2009 Portos de Galicia investiu máis de 186 M€ nos peiraos autonómicos coa creación de novas prazas de amarre, pantaláns e melloras nas súas infraestruturas.

Concretamente para o ano 2021, e tal e como explicou a presidenta do Ente Público na súa comparecencia en sede parlamentaria para explicar os orzamentos para este ano no que se refire ao capítulo de investimentos hai un destacadísimo incremento da inversión interanual, que sobe un 39%, pasando de 13 a 18,8 millóns de euros. Os orzamentos de 2021 recollen actuacións por importe plurianual de 29 millóns de euros e, o 67% dos preto de 19 millóns de inversión prevista para 2021 corresponden a obras e proxectos que se atopan xa en fase de licitación ou contratación.

A presidenta do ente público sublíñou tamén que as contas de Portos de Galicia inclúe dúas grandes partidas para contratos de redacción de proxectos por importe de 3, 2 millóns de euros en 53 actuacións e 1,6 millóns de euros para a redacción de estudos ambientais e proxectos de dragaxe e a súa tramitación.

O programa 513A comprende todas as transferencias desde a Consellería do Mar para gastos de capital/investimentos:

Aplicación: 15.01.513A.87000: 2.400.000 € que corresponden a achega de capital á EPE

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 12:18:03
Nº Rexistro: 22659
Data envío: 24/09/2021 12:18:03.339

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Aplicación: 15.01.513A.74002: 8.351.448 € destinado exclusivamente a investimento. Do crédito dispoñible, a xullo de 2021 certificáronse por obras aos adxudicatarios 4,7 millóns de euros o que significa un 57% do orzamento.

A partida orzamentaria relativa á conservación e mantemento de instalacións está recollida no capítulo II dos orzamentos de Portos de Galicia e nútrese case exclusivamente dos ingresos de explotación do Ente polo que se ven reflectidos na partida 211: Reposición e conservación de obras de Portos cun orzamento de 2,8 millóns de euros, e están comprometidos a xuño de 2021 preto de 2,5 millóns de euros, é dicir, case o 90%.

Doutra banda, lembrar que en 2020 executouse practicamente o 100% da partida 513A**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2021 12:18:03
Nº Rexistro: 22659
Data envio: 24/09/2021 12:18:03.339

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/09/2021 12:17:57**

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:13:32
Nº Rexistro: 23120
Data envío: 30/09/2021 13:13:32.626

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17758**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para habilitar unha zona de varada de embarcacións no peirao de Corcubión"**, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

**"**Sobre a nota do 21 de xuño á que fai referencia esta iniciativa na oficina que Portos de Galicia ten no peirao de Corcubión, non se desprende a prohibición da varada, entendida como tal o depósito dunha embarcación en terra, ou mesmo a realización de operacións de mantemento das embarcacións; se non a realización de actividades que xeren residuos sen adoptar as medidas ambientais pertinentes para a súa recollida e xestión, especialmente polo risco de que se produza a súa vertedura no mar, ben directo ou por arrastre de escorrentía; polo que estas deberán realizarse coas debidas precaucións que eviten unha eventual contaminación.

A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, establece no seu artigo 12, Protección da saúde humana e do ambiente, punto 1 'as autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para asegurar que a xestión dos residuos se realice sen poñer en perigo a saúde humana e sen danar o ambiente e en particular a) non xerarán riscos para a auga, o aire ou o chan, nin para a flora nin para a fauna'.

Algúns dos residuos xerados nas operacións de varada son considerados residuos perigosos (aceites, pinturas...) pola Decisión da Comisión do 18 de decembro de 2014 pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello. A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia no seu Artigo 46, prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario, punto 1 prohibe a vertedura de efluentes líquidos e a vertedura e abandono de residuos no dominio público portuario.

Quen realizase, aínda accidentalmente, devanditas verteduras serán responsables de cuantos custos esixa a plena rexeneración das augas e a posible descontaminación dos chans que estean dentro da zona de dominio público portuario.

O feito de que non houbese unha vertedura ata a data en Corcubión non implica que non se tomen

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
30/09/2021 13:13:29

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

medidas contra lavados de material contaminante que acaben verteduras ao mar. Por tanto, non é o obxectivo que se despracen as embarcacións para facer labores de mantemento se non evitar unha potencial contaminación.

Nesta liña, o pasado 21 de xullo de 2021 a presidenta de Portos de Galicia e a xefa de zona desprazáronse ao porto de Corcubión e mantiveron unha reunión con representantes dos intervenientes na actividade portuaria; Confraría e Náutica de Recreo ademais do Alcalde do concello de Corcubión onde se tratou de forma expresa a circunstancia que motivaba a nota subscrita por Portos e anteriormente mencionada e as posibles alternativas para seguir realizando actividades durante a varada da embarcación. Entre os acordos tomados entre as partes estableceuse:

De forma provisional, unha zona de traballo onde para determinadas operacións con potencialidade de contaminación deberase de traballar cunha manta absorbente cuxo residuo o usuario deberá limpar, retirar e xestionar adecuadamente.

A curto e medio prazo: a concesión dunha superficie determinada onde se realice a infraestrutura necesaria, rede de recollida para a evacuación de fluídos ou augas potencialmente contaminadas, así como arqueta/ s de decantación conectadas á rede de saneamento como medida preventiva de contaminación ao mar.

Polo tanto, máis aló de buscar un prexuízo para as embarcacións, buscouse solucións para continuar coa actividade pero en condicións de seguridade ambiental e prevención da contaminación**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2021 13:13:32
Nº Rexistro: 23120
Data envio: 30/09/2021 13:13:32.626

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/09/2021 13:13:29

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS


CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGjbSI1hHUE6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/